

# índice

## I

### LIMIAR

- Xénese do informe
- Obxecto do informe
- Metodoloxía e alcance

## II

### ANÁLISE DO GASTO EN EDUCACIÓN UNIVERSITARIA EN ESPAÑA, EUROPA E A OCDE E DOS MODELOS DE FINANCIAMENTO UNIVERSITARIO NO ESTADO ESPAÑOL

- Análise do gasto en educación universitaria en España, Europa e a OCDE
- Análise comparada dos modelos de financiamento universitario no Estado español

## III

### EVOLUCIÓN E ACTUAL MODELO DE FINANCIAMENTO DO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO

- Evolución dos modelos de financiamento
- Evolución da situación financeira do Sistema Universitario de Galicia.

## IV


### CONSIDERACIÓNS SOBRE OS PRINCIPIOS PARA A CUANTIFICACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS DEDICADOS ÁS UNIVERSIDADES GALEGAS

## V

### ANEXOS

- Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia
- Outra normativa





## LIM IAR

- Xénese do informe
- Obxecto do informe
- Metodoloxía e alcance



De conformidade coas competencias atribuídas  
ó Consello Económico e Social de Galicia pola Lei 6/1995,  
de 28 de xuño, previa análise pola Comisión Sectorial nº2:  
*Sector público e benestar social*, e de acordo co procedemento previsto  
no Regulamento de Réxime Interior do CES-Galicia,  
o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia,  
na súa sesión 1/04, do 6 de febreiro, acorda por maioría, coa abstención  
dun representante do Consello Galego de Consumidores e Usuarios,  
emitir, por propia iniciativa, o presente informe sobre

# O FINANCIAMENTO DO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO

## Xénese do informe

A Lei 6/1995, do 28 de xuño, atribúe ó Consello Económico e Social de Galicia, entre outras, a función de elaborar por propia iniciativa informes ou estudos sobre a elaboración de planos ou programas dirixidos a favorece-lo desenvolvemento económico e social de Galicia.

No ámbito destas funcións, o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, na súa sesión 04/03, do 4 de xullo, adoptou o acordo de proceder á elaboración dun informe por propia iniciativa sobre o financiamento do sistema universitario galego. Na mesma sesión acordouse que o traballo se levara a cabo pola Comisión Sectorial nº2: *Sector público e benestar social*.

## Obxecto do informe

O obxecto do informe sobre “O financiamento do Sistema Universitario de Galicia” é o de proceder a analizar, conxuntamente cos axentes económicos e sociais que forman parte do CES, a rea-

lidade actual do modelo de financiamento do Sistema Universitario de Galicia, dende a perspectiva da súa adecuación ás necesidades das universidades galegas en correspondencia co papel que as mesmas deben xogar como elementos dinamizadores do desenvolvemento económico, social e cultural da nosa Comunidade Autónoma. Todo isto dende unha perspectiva comparada no ámbito nacional e internacional.

## Metodoloxía e alcance

De acordo co sinalado como obxecto deste informe, debería acadarse un posicionamento respecto dos principios nos que debería basearse un novo modelo de financiamento, alomenos no que atinxe ós seus aspectos fundamentais: determinación dos recursos públicos que deben dedicarse a financia-lo sistema universitario de Galicia e criterios de distribución de ditos recursos entre as universidades.

Obviamente, o alcance do estudo proposto é soamente o de defini-las liñas xerais que debería

contemplan un novo modelo de financiamento, liñas que, posteriormente, deberían ser concretadas entre as partes implicadas.

En primeiro lugar analízase o gasto en educación universitaria en España comparado con Europa e co conxunto da OCDE. Neste mesmo capítulo trátanse dun xeito cuantitativo e comparativamente os diferentes modelos de financiamento universitario existentes en España, centrándonos, posteriormente, en dous modelos en concreto, o programa plurianual de financiamento do sistema público universitario valenciano 1999-2003, e o modelo para o financiamento das universidades públicas de Andalucía 2002-2006.

En segundo lugar, analízase a evolución do financiamento universitario en Galicia ata chegar ó actual modelo de financiamento do sistema universitario galego.

Finalmente, este informe péchase coas consideracións dos membros do Consello ó mesmo.

Na elaboración deste informe tomouse como documentación de referencia, entre outras, a seguinte:

- As xornadas do IDEGA sobre o sistema universitario de Galicia.
- O Programa plurianual do sistema público universitario valenciano 1999-2003.
- O Modelo para o financiamento das universidades públicas de Andalucía 2002-2006
- “La universidad en cifras 2002”.